

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
3º TRIMESTRE
(4º ED. PRIMARIA)**

**CEIP JOSÉ MARÍA LAGE
(ORTIGUEIRA – A CORUÑA)
CURSO 2019 – 2020
(28 – 4 - 2020)**

**Mª Carmen Piñón García, titora de 4 º A
Gloria López Parapar, titora de 4 º B**

INDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS DISTINTAS DISCIPLINAS.....	4
METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.....	10
RECURSOS E ACTIVIDADES.....	11
TEMPORALIZACIÓN.....	12
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	12
AVALIACIÓN.....	12
MÍNIMOS ESIXIBLES E PROMOCIÓN.....	13
AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN.....	16
INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.....	16

INTRODUCCIÓN

Esta programación está deseñada para levar a cabo ao longo do terceiro trimestre do curso 2019-2020 no cuarto curso de Educación Primaria do C.E.I.P José María Lage de Ortigueira.

A programación didáctica aparece organizada por áreas de coñecemento. Establécense para cada unha delas uns criterios de avaliación, uns estándares de aprendizaxe e unhas competencias básicas a traballar. Ao mesmo tempo establécense os criterios de promoción ao quinto curso e a avaliación das competencias básicas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS DISTINTAS DISCIPLINAS

CIENCIAS DA NATUREZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.
- Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.
- Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e achegar conclusións sobre os resultados.
- Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotiá.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.
- Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.
- Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.
- Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.
- Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.
- Separa compoñentes dalgúns mesturas de uso cotián presentando conclusións sobre os resultados.

- Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.
- Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.
- Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar,...

CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.
- Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia.
- Utilizar as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.
- Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.
- Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.
- Explica e valora a importancia da escrita, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.
- Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o pasado, con especial relevancia da escritura.
- Data as distintas Idades da Historia e describe as características básicas da vida naquel tempo.
- Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

- Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.

LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas de comunicación: quenda de palabra e escoitar a intervención dos e das demais.
- Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións.
- Recoñecer o tema e as ideas de textos orais sinxelos.
- Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.
- Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.
- Reproducir textos axeitados á súa idade, aos seus gustos e intereses utilizando con creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.
- Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos.
- Comprender os distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.
- Identifica a estrutura organizativa de diferentes textos lidos, centrándose na interpretación do seu significado.
- Usar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e o tratamento guiado da información.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Expresa ideas, pensamentos, opinións e sentimentos con certa claridade.
- Aplica as normas socio-comunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.
- Integra recursos verbais e non verbais para comunicarse nas interaccións orais, dándolle valor complementario a estes.
- Escribe en diferentes soportes, textos sinxelos propios do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescriptivos) diarios, cartas, correos

electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas,...

- Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
- Elabora e presenta, de forma guiada, un informe sinxelo, utilizando soporte papel e informático sobre tarefas ou proxectos realizados.
- Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo e entoación.
- Participa activamente e con coherencia na secuencia das ideas en diversas situacións de comunicación: diálogos, exposicións orais seguindo un modelo e guiadas, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.
- Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.
- Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e descritivos)
- Responde preguntas correspondentes á comprensión literaria.
- Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva.
- Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender.
- Resume de forma global entrevistas, noticias e debates infantís procedentes dos medios de comunicación e reproduce textos ditados.
- Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos, inclinación de liñas, etc. Esfórzase por escribir correctamente.
- Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita, así como a dos seus compañeiros.
- Utiliza, para escribir textos sinxelos, borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica e da secuencia coherente do escrito.
- Exprésase, por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferencias.

- Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.
- Usa, con axuda, Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear táboas e gráficas, etc.

MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Expresar verbalmente de forma razoada e proceso seguido na resolución de problemas.
- Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
- Profundar en problemas resoltos propoñendo pequenas variacións.
- Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora) usando o máis axeitado.
- Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.
- Coñecer liñas, ángulos e figuras planas.
- Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.
- Coñecer as características e aplicarlas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.
- Recoller e rexistrar unha información cuantificable, usando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais,... comunicando a información.
- Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, probable) de situacións nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade.

- Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución, etc.
- Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas,...)
- Profunda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos.
- Formula novos problemas, a partir dun resolto: variando datos, propoñendo preguntas, conectando coa realidade, buscando outros contextos,...
- Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións.
- Clasifica liñas, triángulos (atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos) polígonos e poliedros.
- Coñece e diferencia os elementos básicos da circunferencia e do círculo.
- Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.
- Resolve problemas xeométricos que implican dominio dos contidos traballados usando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións.
- Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.

- Realizar un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.
- Participa na elaboración das normas e as respecta.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- É capaz de elaborar carteis con diversa información aplicando os coñecementos plásticos adquiridos.
- Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas, manexando ferramentas básicas de precisión e usando escalas e proporcións.
- Utilizar recursos bibliográficos, dos medios de comunicación e da internet para obter información que lle sirva para planificar e organizar os procesos creativos, así como para coñecer e intercambiar informacións con outro alumnado.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función.
- Utiliza a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico.
- Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda de ferramentas básicas (regra, escuadro e cartabón).
- Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos.
- Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A metodoloxía a seguir neste último trimestre será totalmente diferente á planificada ao inicio de curso, posto que nos atopamos nunha situación extraordinaria que fai que cada alumno participe dentro das súas posibilidades. Ao longo desta avaliación profundaremos no repaso, reforzo e recuperación dos contidos e competencias traballados nos primeiros trimestres, así como na ampliación e tratamento de outros novos.

Tentaremos que a relación co noso alumnado sexa o máis amena posible, na que se estableza unha relación de afecto e confianza.

Con certa frecuencia, comprobaremos o aprendido a través de chamadas ou videochamadas co noso alumnado e iremos incorporando as modificacións que sexa necesarias nas estratexias de aprendizaxe empregadas.

O alumnado terá coñecemento da temporalización das actividades e da súa organización a través da aula virtual de cuarto curso, na que cada alumno está matriculado e conta cun usuario e contrasinal individual para entrar, visualizar as tarefas diarias e realizar aquelas actividades interactivas. Dadas as condicións de traballo será fundamental manter unha relación de colaboración e coordinación coas familias do noso alumnado.

RECURSOS E ACTIVIDADES

- Material editorial (grazas á disposición do equipo directivo e á colaboración do concello enviáronse os libros do alumnado ás súas casas).
 - Ciencias Sociais – Ed. SM
 - Ciencias Naturais – Ed. SM
 - Lingua Castelá – Ed. Santillana.
 - Lingua Galega – Ed. Santillana.
 - Matemáticas – Ed. Anaya
- Fichas de reforzo.
- Aula virtual e todas as posibilidades que o seu uso nos proporciona (actividades interactivas)
- Páxina web do centro e a outras páxinas educativas de interese.
- Teléfono móbil, ordenador, tablet e conexión a internet.
- Recursos das editoriais (libros dixitais, material de reforzo on line,...)
- Desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado. Serán globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias cando sexa posible.
- Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a superar a materia, co obxectivo de que poidan continuar o seu itinerario formativo.

TEMPORALIZACIÓN

	LENGUA CASTELLANA	LINGUA GALEGA	CC. NN.	CC. SS.	MATEMÁTICAS
3º TRIMESTRE	TEMAS 11- 15 Repaso e reforzo do anterior	TEMAS 11- 15 Repaso e reforzo do anterior	TEMAS 5- 6	TEMAS 5- 6	TEMAS 9-12 Repaso e reforzo do anterior

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Daremos resposta á diversidade a través da planificación dun proceso de ensinanza-aprendizaxe o máis individualizado posible. Intentarase continuar cos apoios de PT e AL, na aula de 4º A, para unha alumna con A.C., de reforzo educativo por parte da mestra do programa REFORZA-T e da mestra de PT cun alumno dese mesmo grupo e de reforzo por parte das mestras titoras dos alumnos que recibían apoio dentro da aula por parte doutro mestre con dispoñibilidade horaria.

Atenderemos a esta diversidade no quefacer diario, aportando as axudas necesarias, tanto pedagóxicas como de acceso á aula virtual ou ao traballo proposto nela.

En resumo, os alumnos/as serán atendidos segundo as súas limitacións e das necesidades que puideran aparecer, partindo sempre dunha atención individualizada na nosa intervención educativa.

AVALIACIÓN

Ao longo da terceira avaliación iremos recollendo información a través dos traballos que nos envíe o noso alumnado (vía Whatsapp, vía correo electrónico,..., en formato foto, pdf, ou como lles resulte máis cómodo ás familias) así como, das actividades interactivas que se propoñan na aula virtual (test, probas, preguntas sobre determinadas lecturas,...). O alumnado enviará o traballo cando o remate e procurará levar as tarefas ao día. Valorarase o envío do traballo diario, a limpeza na súa presentación, a actitude ante o traballo, así como, ante as correccións, pero sempre con carácter diagnóstico.

A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. A nota final terá en conta as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres e, por ser avaliación continua, nunca será inferior á segunda. Valoraranse as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

Emitirase un informe individual valorativo do traballo realizado polos alumnos e alumnas no curso, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe será tido en conta de cara a programación do curso 2020-2021.

MÍNIMOS ESIXIBLES E PROMOCIÓN

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continuas e finais de cada unha das áreas serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nesta programación e resumidos nestes criterios de promoción:

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

- Realiza proxectos, facendo uso do traballo cooperativo, establecendo conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno.
- Coñece como é o seu corpo, como cambia e como debe coidalo, practicando hábitos elementais de alimentación, posturas correctas, hixiene e descanso que favorecen a saúde e é capaz de elaborar un menú equilibrado para a súa idade.
- Diferencia seres vivos de inertes. Identifica animais e plantas como seres vivos e recoñece as súas características principais, buscando información en fontes variadas.
- Recoñece as fontes de enerxía e a súa intervención na vida cotiá e o seu uso responsable.
- Planifica, observa e compara, empregando os instrumentos e material necesarios, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, usando exemplos da vida cotiá e recursos naturais.
- Recicla e desenvolve actitudes individuais e colectivas para evitar problemas medioambientais.
- Identifica e prepara mesturas e realiza experiencias e pequenas investigacións para identificar os cambios dos corpos ante a luz e os efectos das forzas sobre os obxectos.
- Coñece o funcionamento de máquinas sinxelas e planifica a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela.
- Utiliza as TICs para representar os resultados acadados.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

- Realiza proxectos, facendo uso do traballo cooperativo, establecendo conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno.

- Coñece os planetas e os demais astros do Sistema Solar, a súa posición e movementos da Terra respecto ao Sol.
- Coñece as capas da Terra e a súa representación en mapas, planisferios,...
- Identifica a atmosfera, a hidrosfera e litosfera identificando a composición de cada unha delas.
- Explica o que son o tempo atmosférico e o clima.
- Recoñece e localiza os elementos que forman a paisaxe de Galicia: relevo, clima, vexetación, fauna, vías de comunicación e poboación e os localiza nun mapa.
- Coñece e diferencia as divisións administrativas do Estado español: comunidade autónoma, comarca, municipio e provincia. Valora a importancia da súa participación nelas a través de mecanismos democráticos.
- Respecta o patrimonio natural, cultural e artístico, colaborando de forma activa na súa conservación. Valorando a importancia de lugares e monumentos históricos.
- Ordena temporalmente algúns feitos históricos relevantes e outros feitos referidos á evolución da vida cotiá: tipos de vivenda, a sociedade do pasado, ... e explica as características de cada tempo histórico.

ÁREA DE LINGUA

- Le oralmente coa debida entoación e soltura.
- Comprende o que le, sacando conclusións e participando en situacións de comunicación (quendas de palabras, escoitar aos demais,...)
- Recoñece a información verbal e non verbal e exprésase con coherencia de forma oral.
- Sabe manexar do dicionario.
- Recoñece a información básica dunha lectura. Redacta e compara textos sinxelos nas distintas variedades dialectais do galego.
- Aplica os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, gramática, vocabulario e regras de ortografía.
- Usa as Tecnoloxías da información e comunicación mediante o uso de programas educativos dixitais e outros recursos ao seu alcance.
- Valora a literatura en calquera lingua. Coñece, valora, produce e dramatiza textos literarios (poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas,...).

- Usa e valora a biblioteca e o seu funcionamento tanto en lingua castelá como en lingua galega.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

- Utiliza procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, identificándoos coa vida cotiá.
- Recoñece, le, nomea, escribe e compara números romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas.
- Domina as operacións básicas de suma, resta multiplicación e división con distintos tipos de números.
- Coñece e realiza medidas de tempo, lonxitude, peso e capacidade; sabe pasar dunha unidade a outra maior e a unha unidade menor e exprésaa de forma complexa e incomplexa.
- Utiliza o sistema monetario europeo (euro) e coñece o valor das moedas e billetes.
- Recoñece e clasifica algúns corpos xeométricos e calcula o seu perímetro.
- Compara e clasifica ángulos.
- Coñece as características e aplícaas para clasificar polígonos e distintos corpos xeométricos.
- Recoñece e rexistra información cuantificable, interpretando e realizando gráficas, táboas de datos, diagramas de barras,...

A promoción de curso será a norma xeral, considerándose a repetición de curso una medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna.

AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

As mestras de cuarto nivel avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a nosa propia práctica docente, para o que se establecen a nivel de centro uns indicadores de logro como os que se especifican a continuación:

	Óptima	Boa	Mellorable	Mala
A adecuación dos obxectivos e contidos ás características e necesidades do alumnado foi...				
A adecuación dos criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado foi...				
As aprendizaxes acadadas polo alumnado foron ...				
As medidas ordinarias de atención á diversidade foron...				
As medidas de atención á diversidade para o alumnado con graves dificultades foron...				
A programación didáctica e o seu desenvolvemento foi...				
A organización para desenvolver a programación foi...				
O aproveitamento de recursos dispoñibles para desenvolver a programación foi...				
Os procedementos de avaliación do alumnado foron...				
A coordinación do profesorado foi...				

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Esta programación estará a disposición das familias na aula virtual, á que acceden habitualmente, nun lugar visible para que, os que así o desexen podan acceder a ela. Utilizaremos o correo electrónico ou a aplicación AbalarMobil para facer chegar ás familias esta información.

Ademais, este documento será publicado na páxina web do centro.